



Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado

Sección de Servizos á Comunidade Universitaria
Pavillón Estudantil. Campus Universitario SUR
15782 Santiago de Compostela

Espazo reservado para o selo de Entrada

ESTUDANTES DE TERCEIRO CICLO, DE MÁSTERES UNIVERSITARIOS OFICIAIS, DE PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO (RD 1393/2007), E INVESTIGADORES EN FORMACIÓN

SOLICITUDE DE PRAZA NO SERVIZO UNIVERSITARIO DE RESIDENCIAS (SUR)

CAMPUS DE COMPOSTELA E LUGO

CURSO 2009-2010

Estudos que vai realizar

- Terceiro Ciclo
 Master Universitario Oficial
 Programa de Doutoramento (RD 1393/2007)
 Investigadores en formación

1. DATOS DA/DO SOLICITANTE:

DNI/PASAPORTE:.....

APELIDOS: NOME:

DATA DE NACEMENTO..... ENDEREZO:.....

..... CP:

LOCALIDADE: PROVINCIA:

TELÉFONO: TEL. MÓBIL: C. ELECTRÓNICO:

EN CASO DE URXENCIA AVISAR A

NOME.....

ENDEREZO.....

LOCALIDADE

PROVINCIA

TELÉFONO FIXO TELÉFONO MÓBIL

SOLICITUDE DE: NOVA ADMISIÓN READMISIÓN

Se é de **READMISIÓN**, indique o centro do SUR no que residiu durante o Curso 2008/2009:

CENTROS

Campus de Compostela:

Readmisión: Se quere solicitar cambio de centro debe riscar o que lle interesa.

O alumnado que o curso 2008-2009 residiu no CM Rodríguez Cadarso debe riscar o centro que lle interesa, para o que terán preferencia sobre o resto dos solicitantes.

Nova admisión: Debe numerar, **obrigatoriamente**, por orde de preferencia, a totalidade dos centros.

- CM San Clemente
 CM Fonseca
 RU Monte da Condesea
 RU Burgo das Nacións

Campus de Lugo: RU Jesús Bal y Gay

2. DATOS DOS MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR COS QUE CONVIVE:

NIF	Data de Nacemento	Nome	Apelidos	Parentesco
1.....
2.....
3.....
4.....
5.....
6.....
7.....

Número total de membros (incluída/o a/o solicitante):

3. DATOS ACADÉMICOS

Estudos universitarios realizados no curso 2008/2009 (ou no último curso no que estivo matriculada/o):

Se estes estudos foron realizados noutra Universidade indíquese:

Estudos Universitarios que vai realizar no curso 2009/2010:

Centro, Departamento, Instituto, etc. no que vai realizar a investigación:

4. DOCUMENTACIÓN QUE TEN QUE ENTREGAR (sinale cun x o que entrega)

Os/as residentes/colexiais/alas de readmisión aos que non lles varie a súa situación familiar respecto ao curso 2008-2009, non deberán presentar ningunha documentación agás que o consideren necesario.

Os documentos expedidos nunha lingua distinta do galego ou castelán deberán acompañarse coa correspondente tradución.

A. COMÚN A TODAS/OS AS/OS SOLICITANTES DE NOVA ADMISIÓN

Todas as solicitudes deben vir acompañadas da seguinte documentación, de ser o caso:

- Copia do DNI do solicitante e dos membros da familia maiores de 14 anos
- Copia da folia do libro de familia dos menores de 14 anos
- O estudantado que se incorpora á USC por primeira vez procedente doutras universidades, deberá presentar copia dunha certificación académica coas cualificacións detalladas por curso.
- Certificado de convivencia do Concello no que figuren todos os membros que vivan no domicilio familiar, incluído o solicitante.
- Certificado de minusvalía cualificada, cuxo grao debe ser igual ou superior a 33 por 100, dos irmáns maiores de 25 anos.
- Xustificación de viuvez, solteiría, separación ou divorcio do pai ou da nai do solicitante.
- Xustificante de orfandade absoluta do solicitante.

B. DOCUMENTACIÓN ECONÓMICA ESPECÍFICA

A Universidade, de acordo co punto 6 da convocatoria, solicitará ás Administracións Tributarias os datos necesarios para determinar a renda familiar dos membros computables da familia do solicitante, polo que non haberá que aportar documentación económica agás nas situacións e casos que deseguido se enumeran:

- Se a solicitude de praza de aloxamento é formulada por persoas que formen parte de unidades familiares nas que as Administracións Tributarias non dispoñan de datos, será o propio solicitante quen deba aportar información fidedigna sobre a situación económica de renda da súa unidade familiar: Fotocopia do certificado anual de calquera tipo de ingresos percibidos no ano 2008 (traballo, pensións, desemprego, rendementos do capital mobiliario, etc.) onde figuren as retencións do IRPF e as cotizacións á Seguridade Social dos membros computables que non fan a declaración da renda; certificado de vida laboral dos membros computables que non fan a declaración da renda, etc.
Do mesmo modo, si existisen dificultades técnicas que impidan ou dificulten a cesión dos datos por parte das Administracións Tributarias, requirirase ao solicitante de praza de aloxamento a presentación do **certificado resumo da declaración anual do imposto sobre a renda das persoas físicas ou o certificado de imputacións**, de ser o caso, dos membros computables da súa familia.
- Nos casos no que o solicitante alegue a súa independencia familiar e económica, calquera que sexa o seu estado civil, deberá acreditar de forma fidedigna esta circunstancia, os medios económicos cos que conta e a titularidade ou o aluguer do seu domicilio.
- Os **estudantes estranxeiros**, que queiran que se lles teña en conta a puntuación económica para optar á asignación das cotas establecidas no punto 2, teñen que entregar, xunto coa solicitude, a documentación necesaria para acreditar a súa circunstancia económica (ingresos de calquera tipo dos membros computables da unidade familiar, retencións, deducións, bolsas, etc.), referida ao exercicio do ano 2008, senón a presentan aboarán o prezo correspondente á cota F. En calquera caso a moeda do país de orixe deberá vir convertida a euros.
- Os estudantes que teñan veciñanza administrativa no **País Vasco** a 1 de xaneiro de 2008 deberán presentar os datos económicos correspondentes referidos ao ano 2008.

A ocultación ou falseamento dos datos declarados conlevará a perda da praza de aloxamento.

C. MEMBROS DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA DISCAPACITADOS

- Certificación oficial na que se acredite o seu grao de discapacidade.
- As persoas que precisen apoio específico (cuartos adaptados, apoios personalizados...), teñen que especificalo pormenorizadamente ao solicitar a praza e presentar unha certificación médica oficial na que se detalle a súa situación actual e as súas consecuencias de cara á vida cotiá.

D. OUTRA DOCUMENTACIÓN

Todos os solicitantes poden presentar calquera outra documentación que consideren oportuna para que, de ser o caso, poida terse en conta na adxudicación das prazas.

Os abaixo asinantes declaran baixo a súa responsabilidade que son certos os datos incorporados á presente solicitude e autorizan a USC, para os efectos desta convocatoria, a obter das Administracións Tributarias, os datos necesarios para a verificación da renda familiar. As discrepancias entre os datos declarados e os que constan nas Administracións suporán a perda da praza obtida e o abono do importe sen subvención do prezo da habitación durante o período da súa estada.

....., dede 2009

SINATURAS

Solicitante

Pai

Nai

Outros membros

.....

.....

.....

.....

Os datos recollidos serán incorporados ao **Ficheiro do Servizo Universitario de Residencias**, ao abeiro da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, (BOE do 14), de protección de datos de carácter persoal. O órgano responsable perante o que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición é a Vicerreitoría de Comunidade Universitaria e Compromiso Social. Estes datos, ademais de ser utilizados para os fins propios da Universidade, poderán ser cedidos, de acordo coa antedita Lei e coa Resolución da USC que regula os ficheiros de datos de carácter persoal.

Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado

Sección de Servizos á Comunidade Universitaria
Pavillón Estudantil • Campus universitario sur
15782 Santiago de Compostela

Espazo reservado para o selo de Entrada

**RESGARDO DA SOLICITUDE DE PRAZA NO SERVIZO UNIVERSITARIO DE
RESIDENCIAS CURSO 2009-2010**

D/Dna. _____ DNI _____
O/A alumno/a solicitante

Centro no que presentou a súa solicitude: _____

PRAZOS E DATAS A RECORDAR
(DEBERANSE TER EN CONTA SEMPRE AS BASES DA CONVOCATORIA)

PRAZOS DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Residentes/Colexiais/las de readmisión: desde o día **3 de xuño** ata as catorce horas do día **19 de xuño de 2009**

Estudantes e PAS e PDI de nova admisión: desde o día **22 de xuño** ata as catorce horas do día **10 de xullo de 2009**

LISTAS PROVISORIAS, DEFINITIVAS E DE AGARDA

Todas as listas e relacións ás que se refire este punto serán publicadas nos taboleiros de anuncios dos centros do SUR, no do Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado, nos das Unidades de Xestión Académica, no da Reitoría da Universidade, no da Vicerreitoría de Comunidade Universitaria e Compromiso Social (Casa Jimena e Elisa Fernández de la Vega), no da Vicerreitoría de Coordinación do Campus de Lugo, así como na páxina web <http://www.usc.es/sur/>

1. As Listas provisorias de solicitantes que teñen presentada completa a documentación requirida, e as listas de excluídos coa causa que motiva a súa exclusión, publicaranse o día 4 de agosto de 2009

2. Os/as solicitantes excluídos/as dispoñen de prazo ata as catorce horas do día **11 de agosto** para aportar a documentación requirida.

3. Listas definitivas e de agarda: publicaranse o día **25 de agosto de 2009**

5. Confirmación de permanencia na lista de agarda: As persoas que estean nesta lista e desexen seguir optando a unha praza no SUR teñen que confirmalo antes das catorce horas do día **2 de setembro**, cubrindo o impreso dispoñible a tal efecto.

PAGAMENTO DA FIANZA PARA CONFIRMAR A RESERVA DA PRAZA

A partir do día 25 de agosto as persoas admitidas deberán entregar, ata as 14 horas do día 2 de setembro, no Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado, Pavillón Estudantil, 1ª planta, Campus Sur, Santiago de Compostela ou por calquera dos procedementos recollidos no artigo 38.4 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, **o xustificante de ter feito o ingreso de 150 euros en concepto de fianza na conta da USC nº 2091 0388 98 3110001172 de Caixa Galicia – Caixa de Aforros de Galicia, Oficina de Organismos, rúa Montero Ríos, 9, 15706-Santiago de Compostela.**

O devandito xustificante de ingreso poderá tamén ser enviado por **fax ao número 981595117**, responsabilizándose a persoa que o envía de que sexa lexible no punto de destino, se non fora lexible quedará excluída.

O pago poderá facerse en Caixa Galicia mediante os impresos normalizados dispoñibles no Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado ou mediante transferencia bancaria en cuxo xustificante deberá figurar o nome do estudante e o Centro onde foi admitido.

Só a entrega deste xustificante servirá como confirmación da aceptación da praza por parte do solicitante, é polo tanto insuficiente o ingreso na entidade bancaria. No caso de non cumprir este trámite entenderase que renuncia á praza concedida, **non admitíndose ningún xustificante de pago nin reclamación fóra do prazo establecido.**